

- d) as exixencias de idoneidade para os accionistas ou socios que posúan unha participación cualificada na entidade con cometido especial;
- e) a exixencia de procedementos administrativos e contables sólidos e de mecanismos de control interno e de xestión de riscos adecuados;
- f) as exixencias en materia contable, prudencial e de información estatística;
- g) as exixencias de solvencia destas entidades.»

Trece. Modificacións da disposición derradeira primeira, «Bases da ordenación de seguros e competencias exclusivas do Estado».

Modifícanse as seguintes referencias a preceptos que non teñen carácter de básicos, contidas no punto 1.a) da disposición derradeira primeira desta lei:

- a) a referencia ao “puntos 5 e 7 do artigo 25” substitúese polos “puntos 5, 7 e 8 do artigo 25”;
- b) suprímese a referencia ao “artigo 58”.

#### Disposición derogatoria.

No momento da entrada en vigor desta lei queda derogada a disposición adicional novena da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados.

Quedan derogadas igualmente cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

#### Disposición derradeira primeira. Bases da ordenación dos seguros.

Para os efectos do disposto no artigo 149.1.11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución, as disposicións contidas nesta lei teñen a consideración de bases da ordenación dos seguros, excepto o punto cinco do artigo único.

#### Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o 9 de decembro de 2007.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 2 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

#### 12871 *CORRECCIÓN de errata da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.* («BOE» 158, do 3-7-2007.)

Advertida errata na publicación da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 17 en lingua galega, do 2 de xullo de 2007, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 2246, segunda columna, primeiro parágrafo da epígrafe VI da exposición de motivos, onde di: «A lei estrutúrase en catro títulos», debe dicir: «A lei estrutúrase en cinco títulos».

## MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

#### 12875 *ORDE ECI/1957/2007, do 6 de xuño, pola que se establecen os currículos de ensinanzas de relixión católica correspondentes á educación infantil, á educación primaria e á educación secundaria obrigatoria.* («BOE» 158, do 3-7-2007.)

O Acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensinanzas e asuntos culturais garante que os alumnos de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria que así o soliciten teñan dereito a recibir ensino da relixión católica e indica que á xerarquía eclesiástica lle corresponde sinalar os contidos do devandito ensino. De conformidade co dito acordo, a disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que se incluíra a relixión católica como área ou materia nos niveis educativos que corresponda, que será de oferta obrigatoria para os centros e de carácter voluntario para os alumnos.

O Real decreto 1630/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo da educación infantil, indica na súa disposición adicional que as ensinanzas de relixión se incluírán neste segundo ciclo e, con respecto á relixión católica, que o currículo do ensino será competencia da xerarquía eclesiástica.

O Real decreto 1513/2006, do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas de educación primaria, indica na súa disposición adicional primeira que as ensinanzas de relixión se incluírán nesta etapa educativa e, con respecto á relixión católica, que a determinación do currículo do ensino será competencia da xerarquía eclesiástica.

O Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria, indica na súa disposición adicional segunda que as ensinanzas de relixión se incluírán nesta etapa educativa e, con respecto á relixión católica, que a determinación do currículo do ensino será competencia da xerarquía eclesiástica.

De acordo cos preceptos indicados, a Conferencia Episcopal Española determinou os currículos do ensino de relixión católica correspondentes á educación infantil, á educación primaria e á educación secundaria obrigatoria.

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro.—Os currículos do ensino de relixión católica correspondentes á educación infantil, á educación primaria e á educación secundaria obrigatoria son os que se inclúen, respectivamente, nos anexos I, II e III.

Segundo.—Correspóndelles ás administracións educativas adoptar as medidas precisas, no ámbito das súas competencias, para que os currículos se impartan nos termos en que se establecen nesta orde.

Terceiro.—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 6 de xuño de 2007. -A ministra de Educación e Ciencia, Mercedes Cabrera Calvo-Sotelo.

#### ANEXO I

#### Educación infantil

##### Introdución

A formación relixiosa e moral católica pretende contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo